**RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, CONCELLEIRO SECRETARIO, EN FUNCIÓNS, DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,**

**CERTIFICO:**

**Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o día dezaoito de decembro de dous mil dezanove, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:**

31/830 **APROBACIÓN DOS CONVENIOS REGULADORES DAS SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS EN MATERIA DE CULTURA PARA O EXERCIZO 2019**.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vista a proposta da Xefa da Sección de Cultura, do 18 de decembro de 2019 que, a seguir, se transcribe:

"**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- CE , art 9.1 , 9.3, 14 , 31.2, 103 etc
- Real Decreto lexislación 2/2004 , de 5 de marzo, Texto Refundido da lei Reguladora das Facendas Locais
- Lei 38/2003 de 17 de noviembre , Xeral de Subvencións
- Lei 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia.
- Lei 7/1985 de 2 de abril , LBRL
- TRRL , Real Decreto egislación 781/1987
- Real Decreto 1174/1987 de 18 de septembro, RJFALHN.
- Bases de execución do Presuposto
- Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesións de subvencións do Concello de Lugo
- Plan estratéxico de Subvencións 2016-2019, actualizado por Acordo da Xunta de Goberno Local núm. 29/421 do 10/07/2019.

**ANTECEDENTES**

- Expediente Orzamento Xeral da Corporación para o ano 2019, nas Bases de execución relaciónase como entidades beneficiarias das subvencions nominativas á:

| Aplicación orzamentaria | Beneficiario | NIF | Finalidade | Importe |
|---|---|---|---|---|
| 33000.48900 | Grupo Cinematográfico Fonmiñá | G27011865 | Semana Internacional de Cine de Autor 2019 | 20.400,00 € |
| " | Asociación de amigos do Jazz "Escobijazz" | G27112796 | XXV Festival de Jazz de Lugo | 22.000,00 € |
| " | Universidade Santiago | Q1518001A | Proxecto Lugo Cultural 2019 | 20.000,00 € |



MURALLA
patrimonio da humanidade

CSV: iTWp3NCdJ5NTOOA6kpMmoQ==
PAXINA: 1 / 65
SINATURAS
DATAS(UTC)
LARA MENDEZ LOPEZ - ALCALDESA - ALCALDIA 26/12/2019 12:17:34
RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ - TENENTE DE ALCALDESA - ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS VIARIAS 26/12/2019 12:17:34

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | Compostela | | | |
| " | Círculo das Artes | G27006238 | Gastos mantemento por celebración de actividades municipais no Salón Rexio | 5.500,00 € |
| " | Fundación Feiras e Exposicións de Lugo | G27161496 | Xuven Lugo 2.019 | 7.000,00 € |
| " | Asociación Provincial de Hostelería | G27021005 | Concurso de Tapas | 18.000,00 € |
| " | Fundación Manuel María | G70109376 | Contribuír á conservación e divulgación do legado e memoria de Manuel María | 4.000,00 € |
| " | Sociedad Filarmónica Lucense | G27013069 | Celebración Concertos Tempada 2019 | 4.000,00 € |
| " | Asociación de Escritoras/es en Lingua Galega | G15039936 | Celebración de Gala das Letras-Premios AELG 2019 | 6.000,00 € |
| " | Asociación Correlingua | G703256683 | Celebración Carreira pola Lingua | 3.000,00 € |
| | | | TOTAL | 109.900,00 |

- Bases execución Orzamento: Bases de execución do vixente orzamento 2019, prorrogadas do exercicio 2018 BOP Núm. 89 de 19.04.2018.
- Plan estratéxico de Subvencións 2016-2019, actualizado por Acordo da Xunta de Goberno Local núm. 29/421 do 10/07/2019.
- Informes Proposta da Sección de Cultura, coa conformidade da Tenente de Alcaldesa delegada da Área, relativos á aprobación e adxudicación das subvencións previstas nominativamente no Presuposto polo procedemento de concesión directa mediante convenio a favor das Entidades sinaladas anteriormente.
- Conformidade do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, obrantes nos expedientes
- Informes de Fiscalización da Intervención Xeral Municipal Referencias



CSV: iTWp3NCdJ5NTOOA6kpMmoQ==
PAXINA: 2 / 65
SINATURAS
DATAS(UTC)
LARA MENDEZ LOPEZ - ALCALDESA - ALCALDIA 26/12/2019 12:17:34
RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ - TENENTE DE ALCALDESA - ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS VIARIAS 26/12/2019 12:17:34

889/2019, 890/2019, 892/2019, 893/2019, 894/2019, 895/2019, 896/2019 e 897/2019 de datas 16 e 17 de decembro de 2019."

En virtude do acordo 28/452 da Xunta de Goberno Local de data 17/7/2019.

PROPONSE:

PRIMEIRO.- A aprobación dos textos dos Convenios reguladores das subvencións nominativas para o exercizo 2019 a favor das seguintes entidades:

| Aplicación orzamentaria | Beneficiario | NIF | Importe |
|---|---|---|---|
| 33000.48900 | Grupo Cinematográfico Fonmiñá | G27011865 | 20.400,00 € |
| " | Asociación de amigos do Jazz "Escobijazz" | G27112796 | 22.000,00 € |
| " | Universidade Santiago Compostela | Q1518001A | 20.000,00 € |
| " | Círculo das Artes | G27006238 | 5.500,00 € |
| " | Fundación Feiras e Exposicións de Lugo | G27161496 | 7.000,00 € |
| " | Asociación Provincial de Hostelería | G27021005 | 18.000,00 € |
| " | Fundación Manuel María | G70109376 | 4.000,00 € |
| " | Sociedad Filarmónica Lucense | G27013069 | 4.000,00 € |
| " | Asociación de Escritoras/es en Lingua Galega | G15039936 | 6.000,00 € |
| " | Asociación Correlingua | G703256683 | 3.000,00 € |

cuxos textos se transcriben literalmente:

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E ASOCIACIÓN AMIGOS DO JAZZ "ESCOBIJAZZ" PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN COA FINALIDADE DE FINANCIAR CONCERTOS NO XXIX FESTIVAL DE JAZZ DE LUGO DURANTE O EXERCICIO 2019.-**

Na casa do Concello de Lugo a, de de 2019

**REUNIDOS**



CSV: iTWp3NCdJ5NTOOA6kpMmoQ== PAXINA: 3 / 65
SINATURAS DATAS(UTC)
LARA MENDEZ LOPEZ - ALCALDESA - ALCALDIA 26/12/2019 12:17:34
RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ - TENENTE DE ALCALDESA - ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS VIARIAS 26/12/2019 12:17:34

Dunha banda Dna. Tareixa Ferreiro Tallón, actuando en nome e representación do Concello de Lugo, en virtude da súa condición de Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.

E doutra banda Alberto Grandío Valín con NIF 33.811.726-R, na súa calidade de representante legal de Asociación Amigos do Jazz. "Escobijazz" con CIF G-27.112.796.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

**MANIFESTAN**

I.- Que o Concello de Lugo, de acordo co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e na Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións pode conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente no orzamento xeral municipal.

II.- Que a entidade Asociación Amigos do Jazz. "Escobijazz" presenta un proxecto relativo a celebración de concertos no XXIX festival de jazz de Lugo de interese cultural, que o Concello considera de marcado interese municipal.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

**ACORDAN**

Subscribir un convenio de colaboración para a financiación parcial do proxecto celebración de concertos no XXIX festival de jazz de Lugo con suxeición ás seguintes

**CLÁUSULAS**

**PRIMEIRA.-Obxecto**

O presente convenio ten por obxecto a concesión dunha subvención por parte do Concello de Lugo para a financiación parcial do proxecto celebración de concertos no XXIX festival de jazz de Lugo por entender que estas actividades complementan as atribuídas ao Concello no artigo 2 da lei 7/1985, de 2 de abril da LRBRL

**SEGUNDA.- Compromisos das partes**

O Concello de Lugo comprométese a:

- Achegar a cantidade de 22.000,00€ para a financiación parcial das actividades obxecto deste convenio.

A entidade Asociación Amigos do Jazz. "Escobijazz" comprométese a :

- Colaborar co Concello na celebración de concertos no XXIX festival de jazz de Lugo.
- Lucir o logotipo do Concello de Lugo nas actuacións que se desenvolvan ao abeiro deste convenio.



CSV: iTWp3NCdJ5NTOOA6kpMmoQ==
PAXINA: 4 / 65
SINATURAS
DATAS(UTC)
LARA MENDEZ LOPEZ - ALCALDESA - ALCALDIA 26/12/2019 12:17:34
RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ - TENENTE DE ALCALDESA - ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS VIARIAS 26/12/2019 12:17:34

- Incorporar a lingua galega nas súas comunicacións de carácter escrito (páxinas Webs, comunicados de prensa e demais publicacións).
- Cumprir as obrigas establecidas no artigo 11 da Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións.

**TERCEIRA.-Crédito presupostario**

Para a realización das actuacións sinaladas na cláusula anterior o Concello de Lugo achegará do orzamento municipal para o ano 2019 a cantidade de 22.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 33000.48900.

**CUARTA.-Gastos subvencionables e prazo de realización**

Consideraranse gastos subvencionables os que respondan indubitadamente á natureza da actividade subvencionada e sexan estritamente necesarios para a consecución da finalidade perseguida, realizados dentro do período de vixencia do convenio e en todo caso dentro do ano natural. En particular serán admitidos como tales **os derivados das actividades propias do beneficiario ou da realización do proxecto ou actividade concreta**, de acordo coa documentación achegada, como poden ser: nóminas (de ser aplicable) , desprazamentos acreditados mediante factura, aloxamentos, manutención, material cultural non inventariable, publicidade, gastos por subministros e calquera outro gasto relacionado co obxecto estrito da subvención.

O prazo de realización da actividade será o do exercicio 2019 e terán a consideración de gastos subvencionables unicamente aqueles que tiveran sido aboados dentro do prazo de vixencia do convenio e en todo caso dentro do ano natural. Excepcionalmente, por causas da data de devengo, poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior pero que figuren como aboados no momento de remisión á Intervención da documentación xustificativa da subvención, aos efectos da súa fiscalización.

En todo caso non serán subvencionables os gastos nos que non se xustifique axeitadamente a vinculación directa coa actividade ou proxecto obxecto de subvención, o material inventariable, as celebracións, eventos ou actos protocolarios non directamente vinculados coa actividade ou proxecto subvencionado.

Serán admisibles as lóxicas subcontratacións para a realización das actividades que se desenvolvan ao longo do ano no que se realiza o proxecto ata a totalidade do custo da actividade subvencionada, todo iso tendo en conta o sinalado nos artigos 29 da Lei xeral de subvencións. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na normativa de contratos do Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores debendo acreditar tal extremo no intre de xustificar a subvención.



CSV: iTWp3NCdJ5NTOOA6kpMmoQ== PAXINA: 5 / 65
SINATURAS DATAS(UTC)
LARA MENDEZ LOPEZ - ALCALDESA - ALCALDIA 26/12/2019 12:17:34
RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ - TENENTE DE ALCALDESA - ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS VIARIAS 26/12/2019 12:17:34

**QUINTA.- Execución do convenio e pagamento da subvención**

Con carácter xeral non se asumen pagos anticipados podendo o beneficiario acadar o finanzamento necesario polos medios que crea convenientes para o desenvolvemento da actividade. Cando xustificadamente, polo volume económico da actividade subvencionada se proceda á realización dun pago anticipado, será condición obrigatoria que o beneficiario aporte garantía pola totalidade da contía do dito pago con anterioridade á efectividade do mesmo, por calquera dos medios previstos no artigo 108.1 da Lei 9/2017 de contratos do sector público.

Esta subvención é compatible con calquera outra que poida acadar o beneficiario, ata completar o custo da actividade.

O pagamento da subvención realizarase mediante transferencia bancaria á conta facilitada polo perceptor da subvención.

O prazo máximo de pagamento será de trinta días a contar dende a contabilización da resolución pola que se produza o recoñecemento da obriga coa aprobación da conta xustificativa presentada, agás circunstancias extraordinarias que deberán acreditarse no expediente e que poidan xustificar a ampliación deste prazo.

**SEXTA.-Xustificación da subvención**

Concedida a subvención, e para proceder ao seu cobro, os beneficiarios deberán presentar **no Rexistro Xeral do Concello** dirixido ao Departamento/Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua a seguinte documentación acreditativa da realización do antedito programa.

a) Memoria explicativa e detallada, cunha relación de gastos e ingresos, da realización do proxecto, coa expresa mención dos resultados obtidos. Deberá acompañar, se é o caso, exemplar de cada un dos folletos, carteis, libros, fotos, etc. que se editasen ou publicasen co gallo da actividade subvencionada. No caso de que se xustifique a través de facturas de gastos de desprazamento/aloxamento deberán especificarse os usuarios, motivo e lugar e no caso de que se xustifique a través de gastos de combustible deberá acreditarse a relación coa actividade subvencionada e co beneficario da subvención.

b) Facturas e demais documentos de valor probatorio de conformidade coas bases de execución do presuposto e R.D 1619/2012, do 30 de novembro, que se presentarán en documento orixinal, ou no caso de non ser documento orixinal, este deberá ser estampillado coa expresión "*esta factura foi utilizada para xustificación dunha subvención concedida polo Concello de Lugo*" e posterior incorporación dunha fotocopia ao expediente. Presentarase ademais declaración xurada expresiva de que as mesmas non foron, nin serán presentadas como xustificación de ninguna outra subvención pública ou privada.

As facturas deberán conter un desglose dos artículos subministrados ou, servizos prestados, incluíndo os prezos descompostos. Deberá acreditarse o pagamento da totalidade das facturas mediante os seguintes medios:

a) Resgardo do banco da orde de transferencia ou da notificación de domiciliación realizada ou extracto da conta corrente no que figure o cargo da transferencia realizada selada pola entidade financeira.



CSV: iTWp3NCdJ5NTOOA6kpMmoQ==
PAXINA: 6 / 65
SINATURAS
DATAS(UTC)
LARA MENDEZ LOPEZ - ALCALDESA - ALCALDIA 26/12/2019 12:17:34
RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ - TENENTE DE ALCALDESA - ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS VIARIAS 26/12/2019 12:17:34

b) Copia do cheque emitido a nome do provedor que emite a factura.
c) Excepcionalmente, para importes inferiores a 300 euros e sempre que non se trate de gastos de persoal, recibo onde consten o término “recibín en efectivo”, o nome, DNI, sinatura e selo do cobrador; a identificación da factura á que corresponde e a súa data e a data de cobro. Admitiranse os “tiquets de caixa” para importes inferiores a 50 euros.
d) Documento acreditativo do pagamento con tarxeta, que haberá de ser de débito e estar obrigatoriamente a nome da entidade e non de calquera persoa física, integrante ou non da mesma.
e) O pagamento dos gastos de Seguridade Social xustificarase co recibo de liquidación de cotizacións TC1 co selo de caixa e certificación mecánica ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. O ingreso das retencións de IRPF xustifícase co modelo 111 co selo de caixa ou certificación mecánica se se paga por portelo ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. Asemade deberase xuntar o modelo 190 co resumo anual do IRPF de telo dispoñible no momento da xustificación.

No caso de pagamento de facturas de máis de **2.500 euros** unicamente se aceptará o pagamento realizado a través do método sinalado no **apartado a) anterior.**

No caso de recibos a nomes de persoas ou otros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental dos preceptos, das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible das actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e preceptores das mesmas. Estas contías que en todo caso non deberán superar os 300 euros, acreditarán a práctica da retención do IRPF que resulte procedente, salvo que xustificadamente se faga visible que son innecesarios coma nos casos de contías satisfeitas para indemnizar dos gastos ocasionados por realización de tarefas coma voluntariado.

c) Declaración xurada de que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou adopción do comportamento se efectúe nos termos establecidos na memoria presentada.

d) Declaración xurada de que todos os gastos presentados como xustificación aboáronse efectivamente.

e) Declaración de que os impostos indirectos devindicados (IVE) non teñen a condición de recuperabilidade ou compensatoriedade. En caso contrario só poderán admitirse como gastos xustificados a parte da base impoñible.

Os documentos presentados no caso de non seren orixinais, deberán ser validados e estampillados nas oficinas municipais de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, xestoras do expediente administrativo, cun selo existente para o efecto, no que conste que a factura ou documento se aplica á xustificación da subvención ou convenio concreto, coa indicación da porcentaxe a aplicar ao presente convenio. A indicación desta porcentaxe non será precisa no caso de imputar a totalidade da factura á xustificación da subvención.



MURALLA
patrimonio da humanidade
CSV: iTWp3NCdJ5NTOOA6kpMmoQ==
PAXINA: 7 / 65
SINATURAS
DATAS(UTC)
LARA MENDEZ LOPEZ - ALCALDESA - ALCALDIA 26/12/2019 12:17:34
RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ - TENENTE DE ALCALDESA - ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS VIARIAS 26/12/2019 12:17:34

A data límite para xustificar a totalidade da subvención será a do **31 de** xaneiro **de 2020** e deberá presentar, ademais da documentación anteriormente relacionada, unha declaración xurada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para a mesma finalidade segundo modelo normalizado. Non caso de non presentar a xustificación dentro deste prazo incoarase expediente de anulación do correspondente compromiso que conlevará a perda do dereito de cobro da subvención.

Aos efectos de xustificación as asociacións ou entidades beneficiarias deberán xustificar o gasto correspondente ao importe da subvención concedida.

De non ter xustificado o importe necesario para os efectos do cobramento íntegro da subvención ou non aceptarse a totalidade dos gastos coma gasto subvencionable minorarase o importe que debe percibir na contía necesaria se ben entenderase non cumprida a finalidade subvencionada e xa que logo a perda do dereito ao cobramento da subvención cando o importe xustificado non acade o 50% do importe concedido, sen prexuízo das sancións que procederan, no seu caso, de acordo coa normativa reguladora das subvencións públicas.

A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade que se vai desenvolver. **No caso de ter concedidas subvencións ou axudas doutras entidades públicas ou privadas para a mesma actividade, os beneficiarios deberán xustificar como mínimo un importe igual ou superior á totalidade das axudas concedidas.**

**SETIMA.- Duración do convenio**

A duración do presente convenio será dende a data da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2019, sen posibilidade de prórroga. Non obstante, os seus efectos económicos retrotráense ao 1 xaneiro de 2019.

**OITAVA.-Modificación do Convenio**

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

**NOVENA.- Comisión de seguimento**

Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre o mesmo.

Esta comisión estará composta en representación do Concello de Lugo pola Concelleira Delegada da área interesada, que poderá delegar no funcionario da mesma unidade que estime oportuno, e pola outra parte, polo seu representante legal ou persoa da entidade na que delegue.



CSV: iTWp3NCdJ5NTOOA6kpMmoQ==
PAXINA: 8 / 65
SINATURAS
DATAS(UTC)
LARA MENDEZ LOPEZ - ALCALDESA - ALCALDIA 26/12/2019 12:17:34
RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ - TENENTE DE ALCALDESA - ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS VIARIAS 26/12/2019 12:17:34

A comisión terá as seguintes funcións:

1.-Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.
2.-Interpretar e resolver as dúbidas, que poidan suscitar na aplicación do convenio.

**DÉCIMA.-Causas de resolución**
Serán causas de resolución deste convenio:
. O incumprimento de calquera das claúsulas establecidas no mesmo.
. A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
. A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

**DÉCIMO PRIMEIRA.-Control financeiro da subvención**
**Os beneficiarios deberán conservar durante os catro anos seguintes ao de xustificación da subvencións** os documentos xustificativos da aplicación dos fondos, libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso co obxecto de facilitar as actuacións de comprobación e control que no exercicio do control financeiro e segundo a planificación acordada pola Intervención xeral municipal se decida levar a cabo, no seu caso. Para tal efecto o beneficiario someterase ás actuacións de comprobación que a Intervención xeral decida realizar.

**DÉCIMO SEGUNDA.-Réxime xurídico**
O presente convenio ten carácter administrativo de acordo co disposto no artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e o artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e demais normativa de aplicación, someténdose á aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, á Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e ao disposto na Ordenanza xeral de subvencións do concello de Lugo
As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e resolveranse motivadamente polo Concello de Lugo, previo ditame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula novena; contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderase interpoñer recurso ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E A ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA E TURISMO DE LUGO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN COA FINALIDADE DE FINANCIAR O 15º CONCURSO DE TAPAS DE LUGO DURANTE O EXERCICIO 2019.-**

Na casa do Concello de Lugo a, de de 2019

## REUNIDOS

Dunha banda Dna. Tareixa Ferreiro Tallón, actuando en nome e representación do Concello de Lugo, en virtude da súa condición de Tenente de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.

E doutra banda José Francisco Real castro con NIF:33.828.063-P, na súa calidade de representante legal da Asociación de Empresarios e Hosteleria e Turismo de Lugo con CIF G-27.021.005.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

## MANIFESTAN

I.- Que o Concello de Lugo, de acordo co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e na Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesión de subvencións pode conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente no Orzamento xeral municipal.

II.- Que a entidade Asociación Provincial de Empresarios de Hostelería e Turismo de Lugo presenta un proxecto relativo ao 15º Concurso de Tapas de Lugo, de interese cultural, que o Concello considera de marcado interese municipal.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

## ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para a financiación parcial do proxecto 15º Concurso de Tapas de Lugo.

Con suxeición ás seguintes **CLÁUSULAS:**

**PRIMEIRA.-Obxecto**

O presente convenio ten por obxecto a concesión dunha subvención por parte do Concello de Lugo para a financiación parcial do proxecto 15º Concurso de Tapas de Lugo, por entender que estas actividades complementan as atribuídas ao Concello no artigo 2 da lei 7/1985, de 2 de abril da LRBRL

**SEGUNDA.- Compromisos das partes**

O Concello de Lugo comprométese a:

- Achegar a cantidade de 18.000,00€ para a financiación parcial das actividades obxecto deste convenio.

A entidade Asociación Provincial de Empresarios de Hostelería e Turismo de Lugo comprométese a :



CSV: iTWp3NCdJ5NTOOA6kpMmoQ==
PAXINA: 10 / 65
SINATURAS
LARA MENDEZ LOPEZ - ALCALDESA - ALCALDIA
RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ - TENENTE DE ALCALDESA - ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS VIARIAS
DATAS(UTC)
26/12/2019 12:17:34
26/12/2019 12:17:34

- Colaborar co Concello na celebración do 15º Concurso de tapas de Lugo.
- Lucir o logotipo do concello de Lugo nas actuacións que se desenvolvan ao abeiro deste convenio.
- Incorporar a lingua galega nas súas comunicacións de carácter escrito (páxinas Webs, comunicados de prensa e demais publicacións).
- Cumprir as obrigas establecidas no artigo 11 da Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións.

**TERCEIRA.-Crédito presupostario**

Para a realización das actuacións sinaladas na claúsula anterior o Concello de Lugo achegará do orzamento municipal para o ano 2019 a cantidade de 18.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 33000.48900.

**CUARTA.-Gastos subvencionables e prazo de realización**

Consideraranse gastos subvencionables os que respondan indubitadamente á natureza da actividade subvencionada e sexan estrictamente necesarios para a consecución da finalidade perseguida, realizados dentro do período de vixencia do convenio e en todo caso dentro do ano natural. En particular serán admitidos como tales **os derivados das actividades propias do beneficiario ou da realización do proxecto ou actividade concreta**, dacordo coa documentación achegada, como poden ser: nóminas , desprazamentos acreditados mediante factura, aloxamentos, manutención, material cultural non inventariable, publicidade, gastos por suministros e calquera outro gasto relacionado co obxecto estricto da subvención.

O prazo de realización da actividade será o do exercicio 2019 e terá a consideración de gastos subvencionables unicamente aqueles que **tiveran sido** aboados dentro do prazo de vixencia do convenio e en todo caso dentro do ano natural. Excepcionalmente, por causas da data de devengo, poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior pero que figuren como aboados no momento de remisión a Intervención da documentación xustificativa da subvención, aos efectos da súa fiscalización.

En todo caso non serán subvencionables os gastos nos que non se xustifique axeitadamente a vinculación directa coa actividade ou proxecto obxecto de subvención, o material inventariable, as celebracións, eventos ou actos protocolarios non directamente vinculados coa actividade ou proxecto subvencionado.

Serán admisibles as lóxicas subcontratacións para a realización das actividades que se desenvolvan ao longo do ano no que se realiza o proxecto ata a totalidade do custo da actividade subvencionada, todo elo tendo en conta o sinalado nos artigos 29 da lei Xeral de Subvencións. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na normativa de contratos do Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres



| SINATURAS | DATAS(UTC) |
|---|---|
| LARA MENDEZ LOPEZ - ALCALDESA - ALCALDIA | 26/12/2019 12:17:34 |
| RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ - TENENTE DE ALCALDESA - ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS VIARIAS | 26/12/2019 12:17:34 |

ofertas de diferentes proveedores debendo acreditar tal extremo no intre de xustificar a subvención.

**QUINTA.- Execución do convenio e pagamento da subvención**
Con carácter xeral non se asumen pagos anticipados podendo o beneficiario acadar o finanzamento necesario polos medios que crea convenientes para o desenrolo da actividade. Cando xustificadamente, polo volume económico da actividade subvencionada se proceda á realización dun pago anticipado, será condición obligatoria que o beneficiario aporte garantía pola totalidade da contía do dito pago con anterioridade á efectividade do mesmo, por calquera dos medios previstos na Lei 108.1 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público.

Esta subvención é compatible con calquera outra que poida acadar o beneficiario, ata completar o custo da actividade.

O pagamento da subvención realizarase mediante transferencia bancaria á conta facilitada polo perceptor da subvención.

O prazo máximo de pagamento será de trinta días a contar dende a contabilización da resolución pola que se produza o recoñecemento da obriga coa aprobación da conta xustificativa presentada, agás circunstancias extraordinarias que deberán acreditarse no expediente e que poidan xustificar a ampliación deste prazo.

**SEXTA.-Xustificación da subvención**
Concedida a subvención, e para proceder ao seu cobro, os beneficiarios deberán presentar **no Rexistro Xeral do Concello ou a trabés de calquera dos medio sinalados no artígo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas**, dirixido á Sección de Cultura a seguinte documentación acreditativa da realización do antedito programa.

a) Memoria explicativa e detallada, cunha relación de gastos e ingresos, da realización do proxecto, coa expresa mención dos resultados obtidos. Deberá acompañar, se é o caso, exemplar de cada un dos folletos, carteis, libros, fotos, etc. que se editasen ou publicasen co gallo da actividade subvencionada. No caso de que se xustifique a través de facturas de gastos de desprazamento/aloxamento deberán especificarse os usuarios, motivo e lugar e no caso de que se xustifique a través de gastos de combustible deberá acreditarse a relación coa actividade subvencionada e co beneficario da subvención.

b) Facturas e demais documentos de valor probatorio de conformidade coas bases de execución do presuposto e R.D 1619/2012, do 30 de novembro, que se presentarán en documento orixinal, ou no caso de non ser documento orixinal, éste deberá ser estampillado coa expresión "*esta factura foi utilizada para xustificación dunha subvención concedida polo Concello de Lugo*" e posterior incorporación dunha fotocopia ó expediente. Presentarase ademáis declaración xurada expresiva de que as mesmas non foron, nin serán presentadas como xustificación de ninguna outra subvención pública ou privada.



CSV: iTWp3NCdJ5NTOOA6kpMmoQ==
PAXINA: 12 / 65
SINATURAS
DATAS(UTC)
LARA MENDEZ LOPEZ - ALCALDESA - ALCALDIA 26/12/2019 12:17:34
RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ - TENENTE DE ALCALDESA - ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS VIARIAS 26/12/2019 12:17:34

As facturas deberán conter un desglose dos artículos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos descompostos. Deberá acreditarse o pagamento da totalidade das facturas mediante os seguintes medios:

f) Resguardo do banco da orde de transferencia ou da notificación de domiciliación realizada ou extracto da conta corriente no que figure o cargo da transferencia realizada sellada pola entidade financieira.
g) Copia do cheque emitido a nome do proveedor que emite a factura.
h) Excepcionalmente, para importes inferiores a 300 euros e sempre que non se trate de gastos de persoal, recibo onde consten o término “recibín en efectivo”, o nome, DNI, sinatura e sello do cobrador; a identificación da factura á que corresponde e a súa data e a data de cobro. Admitiranse os “tiques de caixa” para importes inferiores a 50 euros.
i) Documento acreditativo do pagamento con tarxeta, que haberá de ser de débito e estar obligatoriamente a nome da entidade e non de calquera persoa física, integrante ou non da mesma.
j) O pagamento dos gastos de Seguridade Social xustificarase co recibo de Liquidación de Cotizacións TC1 co selo de caixa e certificación mecánica ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. O ingreso das retencións de IRPF xustifícase co modelo 111 co sello de caixa ou certificación mecánica se se paga por portelo ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. Asemade deberase xuntar o modelo 190 co resumo anual do IRPF de telo disponible no momento da xustificación.

No caso de pagamento de facturas de máis de **2.500 euros** unicamente se aceptará o pagamento realizado a través do método sinalado no **apartado a) anterior.**

No caso de recibos a nomes de persoas ou otros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental dos preceptos, das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible das actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e preceptores das mesmas. Estas contías que en todo caso non deberán superar os 300 euros, deberán acreditar a práctica da retención do IRPF que resulte procedente, salvo que xustificadamente se acredite a súa innecesariedade coma nos casos de contías satisfeitas para indemnizar dos gastos ocasionados por realización de tarefas coma voluntariado.

c) Declaración xurada de que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou adopción do comportamento se efectúe nos termos establecidos na memoria presentada.

d) Declaración xurada de que todos os gastos presentados como xustificación abonáronse efectivamente.

e) Declaración de que os impostos indirectos devindicados (IVE) non teñen a condición de recuperabilidade ou compensatoriedade. En caso contrario só poderán admitirse como gastos xustificados a parte da base impoñible.

Os documentos presentados no caso de non seren orixinais, deberán ser validados e estampillados nas oficinas municipais de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, xestoras do expediente administrativo, cun selo existente para o efecto,



MURALLA
patrimonio da humanidade

CSV: iTWp3NCdJ5NTOOA6kpMmoQ==
PAXINA: 13 / 65
SINATURAS
DATAS(UTC)
LARA MENDEZ LOPEZ - ALCALDESA - ALCALDIA 26/12/2019 12:17:34
RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ - TENENTE DE ALCALDESA - ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS VIARIAS 26/12/2019 12:17:34

no que conste que a factura ou documento se aplica á xustificación da subvención ou convenio concreto, coa indicación da porcentaxe a aplicar ao presente convenio. A indicación desta porcentaxe non será precisa no caso de imputar a totalidade da factura á xustificación da subvención.

A data límite para xustificar a totalidade da subvención será a do **31 de** xaneiro **de 2020** e deberá presentar, ademáis da documentación anteriormente relacionada, unha declaración xurada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou extranxeiras, para a mesma finalidade segundo modelo normalizado. Non caso de non presentar a xustificación dentro deste prazo incoarase expediente de anulación do correspondente compromiso que conlevará a perda do dereito de cobro da subvención.

Aos efectos de xustificación as asociacións ou entidades beneficiarias deberán xustifica-lo gasto correspondente ao importe da subvención concedida.

De non ter xustificado o importe necesario a efectos do cobramento íntegro da subvención ou non aceptarse a totalidade dos gastos coma gasto subvencionable minorarase o importe a percibir na contía necesaria se ben entenderase non cumprida a finalidade subvencionada e xa que logo a perda do derito ao cobramento da subvención cando o importe xustificado non acade o 50% do importe concedido, sen prexuizo das sancións que procederan, no seu caso, dacordo a normativa reguladora das subvencións públicas.

A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver. **No caso de ter concedidas subvencións ou axudas doutras entidades públicas ou privadas para a mesma actividade os beneficiarios deberán xustificar como mínimo un importe igual ou superior á totalidade das axudas concedidas.**

**SETIMA.- Duración do convenio**

A duración do presente convenio será dende a data da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2019, sen posibilidade de prórroga. Non obstante, aos seus efectos económicos retrotráense ao 1 xaneiro de 2019.

**OITAVA.-Modificación do Convenio**

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

**NOVENA.- Comisión do seguimento**

Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas tódalas cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre o mesmo.



CSV: iTWp3NCdJ5NTOOA6kpMmoQ==
PAXINA: 14 / 65
SINATURAS
DATAS(UTC)
LARA MENDEZ LOPEZ - ALCALDESA - ALCALDIA 26/12/2019 12:17:34
RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ - TENENTE DE ALCALDESA - ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS VIARIAS 26/12/2019 12:17:34

Esta comisión estará composta en representación do Concello de Lugo pola Concelleira Delegada da área interesada, que poderá delegar no funcionario da mesma unidade que estime oportuno, e pola outra parte, polo seu representante legal ou persoa da entidade na que delegue.
A comisión terá as seguintes funcións:

1.-Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.
2.-Interpretar e resolver as dúbidas, que poidan suscitar na aplicación do convenio.

**DÉCIMA.-Causas de resolución**
Serán causas de resolución deste convenio:
. O incumprimento de calquera das claúsulas establecidas no mesmo.
. A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
. A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

**DÉCIMO PRIMEIRA.-Control financieiro da subvención**
**Os beneficiarios deberán conservar durante os catro anos seguintes ao de xustificación da subvencións** os documentos xustificativos da aplicación dos fondos, libros contables, rexistros dilixenciados e demáis documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso co obxecto de facilitar as actuacións de comprobación e control que no exercicio do control financieiro e segundo a planificación acordada pola Intervención xeral municipal se decida levar a cabo, no seu caso. A tal efecto o beneficiario someterase ás actuacións de comprobación que a Intervención xeral decida realizar.

**DÉCIMO SEGUNDA.-Réxime xurídico**
O presente convenio ten carácter administrativo de acordo co disposto no artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público e o artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e demais normativa de aplicación, someténdose á aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, á Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e ó disposto na Ordenanza xeral de Subvencións do Concedo de Lugo
As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e resolveranse motivadamente polo Concello de Lugo, previo dictame non vinculante da comisión á que fai referencia a claúsula novena; contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderase interponer recurso ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E A ASOCIACIÓN CULTURAL ASOCIACIÓN ESCRITORES/AS EN LINGUA GALEGA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN COA FINALIDADE DE**



MURALLA
patrimonio da humanidade

CSV: iTWp3NCdJ5NTOOA6kpMmoQ== PAXINA: 15 / 65
SINATURAS DATAS(UTC)
LARA MENDEZ LOPEZ - ALCALDESA - ALCALDIA 26/12/2019 12:17:34
RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ - TENENTE DE ALCALDESA - ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS VIARIAS 26/12/2019 12:17:34

**FINANCIAR A ACTIVIDADE "CELEBRACIÓN GALA DAS LETRAS. PREMIOS AELG" EXERCICIO 2019.-**

Na casa do Concello de Lugo a, de de 2019

**REUNIDOS**

Dunha banda Dna. Tareixa Ferreiro Tallón, actuando en nome e representación do Concello de Lugo, en virtude da súa condición de Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.

E doutra banda D. Cesáreo Sánchez Iglesias, con NIF 35.810128-W, na súa calidade de representante legal da Asociación de Escritores/as en Lingua Galega con CIF G15039936.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

**MANIFESTAN**

I.- Que o Concello de Lugo, de acordo co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e na Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións pode conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente no orzamento xeral municipal.

II.- Que a entidade Asociación de Escritores/as en Lingua Galega presenta un proxecto relativo á Celebración da Gala das Letras- Premios AELG de interese cultural, que o Concello considera de marcado interese municipal.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

**ACORDAN**

Subscribir un convenio de colaboración para a financiación parcial do proxecto Gala das Letras- Premios AELG con suxeición ás seguintes

**CLÁUSULAS**

**PRIMEIRA.-Obxecto**

O presente convenio ten por obxecto a concesión dunha subvención por parte do Concello de Lugo para a financiación parcial do proxecto Gala das Letras- Premios AELG por entender que estas actividades complementan as atribuídas ao Concello no artigo 2 da lei 7/1985, de 2 de abril da LRBRL

**SEGUNDA.- Compromisos das partes**

O Concello de Lugo comprométese a:

- Achegar a cantidade de 6.000,00€ para a financiación parcial das actividades obxecto deste convenio.



CSV: iTWp3NCdJ5NTOOA6kpMmoQ==
PAXINA: 16 / 65
SINATURAS
DATAS(UTC)
LARA MENDEZ LOPEZ - ALCALDESA - ALCALDIA 26/12/2019 12:17:34
RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ - TENENTE DE ALCALDESA - ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS VIARIAS 26/12/2019 12:17:34

A entidade Asociación de Escritore/as en Lingua Galega comprométese a :

- Colaborar co Concello na actividade Gala das Letras- Premios AELG.
- Lucir o logotipo do Concello de Lugo nas actuacións que se desenvolvan ao abeiro deste convenio.
- Incorporar a lingua galega nas súas comunicacións de carácter escrito (páxinas Webs, comunicados de prensa e demais publicacións).
- Cumprir as obrigas establecidas no artigo 11 da Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións.

**TERCEIRA.-Crédito presupostario**

Para a realización das actuacións sinaladas na cláusula anterior o Concello de Lugo achegará do orzamento municipal para o ano 2019 a cantidade de 6.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 33000.48900.

**CUARTA.-Gastos subvencionables e prazo de realización**

Consideraranse gastos subvencionables os que respondan indubitadamente á natureza da actividade subvencionada e sexan estritamente necesarios para a consecución da finalidade perseguida, realizados dentro do período de vixencia do convenio e en todo caso dentro do ano natural. En particular serán admitidos como tales **os derivados das actividades propias do beneficiario ou da realización do proxecto ou actividade concreta**, de acordo coa documentación achegada, como poden ser: nóminas (de ser aplicable) , desprazamentos acreditados mediante factura, aloxamentos, manutención, material cultural non inventariable, publicidade, gastos por subministros e calquera outro gasto relacionado co obxecto estrito da subvención.

O prazo de realización da actividade será o do exercicio 2019 e terán a consideración de gastos subvencionables unicamente aqueles que tiveran sido aboados dentro do prazo de vixencia do convenio e en todo caso dentro do ano natural. Excepcionalmente, por causas da data de devengo, poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior pero que figuren como aboados no momento de remisión á Intervención da documentación xustificativa da subvención, aos efectos da súa fiscalización.

En todo caso non serán subvencionables os gastos nos que non se xustifique axeitadamente a vinculación directa coa actividade ou proxecto obxecto de subvención, o material inventariable, as celebracións, eventos ou actos protocolarios non directamente vinculados coa actividade ou proxecto subvencionado.

Serán admisibles as lóxicas subcontratacións para a realización das actividades que se desenvolvan ao longo do ano no que se realiza o proxecto ata a totalidade do custo da actividade subvencionada, todo iso tendo en conta o sinalado nos artigos 29 da Lei xeral de subvencións. Cando o importe do gasto



MURALLA
patrimonio da humanidade

CSV: iTWp3NCdJ5NTOOA6kpMmoQ==
PAXINA: 17 / 65
SINATURAS
DATAS(UTC)
LARA MENDEZ LOPEZ - ALCALDESA - ALCALDIA
26/12/2019 12:17:34
RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ - TENENTE DE ALCALDESA - ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS VIARIAS
26/12/2019 12:17:34

subvencionable supere as contías establecidas na normativa de contratos do Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores debendo acreditar tal extremo no intre de xustificar a subvención.

**QUINTA.- Execución do convenio e pagamento da subvención**

Con carácter xeral non se asumen pagos anticipados podendo o beneficiario acadar o finanzamento necesario polos medios que crea convenientes para o desenvolvemento da actividade. Cando xustificadamente, polo volume económico da actividade subvencionada se proceda á realización dun pago anticipado, será condición obrigatoria que o beneficiario aporte garantía pola totalidade da contía do dito pago con anterioridade á efectividade do mesmo, por calquera dos medios previstos no artigo 108.1 da Lei 9/2017 de contratos do sector público.

Esta subvención é compatible con calquera outra que poida acadar o beneficiario, ata completar o custo da actividade.

O pagamento da subvención realizarase mediante transferencia bancaria á conta facilitada polo perceptor da subvención.

O prazo máximo de pagamento será de trinta días a contar dende a contabilización da resolución pola que se produza o recoñecemento da obriga coa aprobación da conta xustificativa presentada, agás circunstancias extraordinarias que deberán acreditarse no expediente e que poidan xustificar a ampliación deste prazo.

**SEXTA.-Xustificación da subvención**

Concedida a subvención, e para proceder ao seu cobro, os beneficiarios deberán presentar **no Rexistro Xeral do Concello** dirixido ao Departamento/Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua a seguinte documentación acreditativa da realización do antedito programa.

a) Memoria explicativa e detallada, cunha relación de gastos e ingresos, da realización do proxecto, coa expresa mención dos resultados obtidos. Deberá acompañar, se é o caso, exemplar de cada un dos folletos, carteis, libros, fotos, etc. que se editasen ou publicasen co gallo da actividade subvencionada. No caso de que se xustifique a través de facturas de gastos de desprazamento/aloxamento deberán especificarse os usuarios, motivo e lugar e no caso de que se xustifique a través de gastos de combustible deberá acreditarse a relación coa actividade subvencionada e co beneficario da subvención.

Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre o mesmo.
Esta comisión estará composta en representación do Concello de Lugo pola Concelleira Delegada da área interesada, que poderá delegar no funcionario da mesma unidade que estime oportuno, e pola outra parte, polo seu representante legal ou persoa da entidade na que delegue.

A comisión terá as seguintes funcións:

1.-Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.
2.-Interpretar e resolver as dúbidas, que poidan suscitar na aplicación do convenio.

**DÉCIMA.-Causas de resolución**

Serán causas de resolución deste convenio:
. O incumprimento de calquera das claúsulas establecidas no mesmo.
. A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
. A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

**DÉCIMO PRIMEIRA.-Control financeiro da subvención**

**Os beneficiarios deberán conservar durante os catro anos seguintes ao de xustificación da subvencións** os documentos xustificativos da aplicación dos fondos, libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao



MURALLA
patrimonio da humanidade
CSV: iTWp3NCdJ5NTOOA6kpMmoQ==
PAXINA: 51 / 65
SINATURAS
DATAS(UTC)
LARA MENDEZ LOPEZ - ALCALDESA - ALCALDIA 26/12/2019 12:17:34
RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ - TENENTE DE ALCALDESA - ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS VIARIAS 26/12/2019 12:17:34

beneficiario en cada caso co obxecto de facilitar as actuacións de comprobación e control que no exercicio do control financeiro e segundo a planificación acordada pola Intervención xeral municipal se decida levar a cabo, no seu caso. Para tal efecto o beneficiario someterase ás actuacións de comprobación que a Intervención xeral decida realizar.

**DÉCIMO SEGUNDA.-Réxime xurídico**
O presente convenio ten carácter administrativo de acordo co disposto no artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e o artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e demais normativa de aplicación, someténdose á aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, á Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e ao disposto na Ordenanza xeral de subvencións do concello de Lugo
As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e resolveranse motivadamente polo Concello de Lugo, previo ditame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula novena; contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderase interpoñer recurso ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

**"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E A SOCIEDADE FILHARMÓNICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN COA FINALIDADE DE FINANCIAR CONCERTOS NA TEMPADA 2019 DURANTE O EXERCICIO 2019.-**

Na casa do Concello de Lugo a, de de 2019

**REUNIDOS**

Dunha banda Dna. Tareixa Ferreiro Tallón, actuando en nome e representación do Concello de Lugo, en virtude da súa condición de Tenente de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.

E doutra banda Julián Parga Rodríguez con DNI:33.601.865-S, na súa calidade de representante legal de Sociedade Filarmónica de Lugo con CIF: G-27013069.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

**MANIFESTAN**

I.- Que o Concello de Lugo, de acordo co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e na Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesión de subvencións pode conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente no Orzamento xeral municipal.



CSV: iTWp3NCdJ5NTOOA6kpMmoQ==
PAXINA: 52 / 65
SINATURAS
DATAS(UTC)
LARA MENDEZ LOPEZ - ALCALDESA - ALCALDIA 26/12/2019 12:17:34
RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ - TENENTE DE ALCALDESA - ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS VIARIAS 26/12/2019 12:17:34

II.- Que a entidade Sociedade Filharmónica de Lugo, presenta un proxecto relativo a Concertos na Tempada 2019 de interese cultural, que o Concello considera de marcado interese municipal.
Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

**ACORDAN**

Subscribir un convenio de colaboración para a financiación parcial do proxecto Conceros na Tempada 2019 da Sociedade Filarmónica de Lugo, con suxeición ás seguintes,

**CLÁUSULAS**

**PRIMEIRA.-Obxecto**

O presente convenio ten por obxecto a concesión dunha subvención por parte do Concello de Lugo para a financiación parcial do proxecto Conceros na Tempada 2019, por entender que estas actividades complementan as atribuídas ao Concello no artigo 2 da lei 7/1985, de 2 de abril da LRBRL

**SEGUNDA.- Compromisos das partes**

O Concello de Lugo comprométese a:
- Achegar a cantidade de 4.000,00 € para a financiación parcial das actividades obxecto deste convenio.

A entidade Sociedade Filarmónica de Lugo, comprométese a :

- Colaborar co Concello na celebración dos Conceros na Tempada 2019 da Sociedade Filarmónica de Lugo.
- Lucir o logotipo do concello de Lugo nas actuacións que se desenvolvan ao abeiro deste convenio.
- Incorporar a lingua galega nas súas comunicacións de carácter escrito (páxinas Webs, comunicados de prensa e demais publicacións).
- Cumprir as obrigas establecidas no artigo 11 da Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións.

**TERCEIRA.-Crédito presupostario**

Para a realización das actuacións sinaladas na claúsula anterior o Concello de Lugo achegará do orzamento municipal para o ano 2019 a cantidade de 4.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 33000.48900.

**CUARTA.-Gastos subvencionables e prazo de realización**

Consideraranse gastos subvencionables os que respondan indubitadamente á natureza da actividade subvencionada e sexan estrictamente necesarios para a consecución da finalidade perseguida, realizados dentro do período de vixencia do convenio e en todo caso dentro do ano natural. En particular serán admitidos como tales **os derivados das actividades propias do beneficiario ou da realización do proxecto ou actividade concreta**, dacordo coa documentación achegada,



MURALLA
patrimonio da humanidade
CSV: iTWp3NCdJ5NTOOA6kpMmoQ==
PAXINA: 53 / 65
SINATURAS
DATAS(UTC)
LARA MENDEZ LOPEZ - ALCALDESA - ALCALDIA 26/12/2019 12:17:34
RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ - TENENTE DE ALCALDESA - ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS VIARIAS 26/12/2019 12:17:34

como poden ser: nóminas (de ser aplicable) , desprazamentos acreditados mediante factura, aloxamentos, manutención, material cultural non inventariable, publicidade, gastos por suministros e calquera outro gasto relacionado co obxecto estricto da subvención.

O prazo de realización da actividade será o do exercicio 2019 e terá a consideración de gastos subvencionables unicamente aqueles que tiveran sido aboados dentro do prazo de vixencia do convenio e en todo caso dentro do ano natural. Excepcionalmente, por causas da data de devengo, poderán aceptarse como subvencionables aqueles gastos que non cumpriran co anterior pero que figuren como aboados no momento de remisión a Intervención da documentación xustificativa da subvención, aos efectos da súa fiscalización.

En todo caso non serán subvencionables os gastos nos que non se xustifique axeitadamente a vinculación directa coa actividade ou proxecto obxecto de subvención, o material inventariable, as celebracións, eventos ou actos protocolarios non directamente vinculados coa actividade ou proxecto subvencionado.

Serán admisibles as lóxicas subcontratacións para a realización das actividades que se desenvolvan ao longo do ano no que se realiza o proxecto ata a totalidade do custo da actividade subvencionada, todo elo tendo en conta o sinalado nos artigos 29 da lei Xeral de Subvencións. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na normativa de contratos do Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes proveedores debendo acreditar tal extremo no intre de xustificar a subvención.

**QUINTA.- Execución do convenio e pagamento da subvención**

Con carácter xeral non se asumen pagos anticipados podendo o beneficiario acadar o finanzamento necesario polos medios que crea convenientes para o desenrolo da actividade. Cando xustificadamente, polo volume económico da actividade subvencionada se proceda á realización dun pago anticipado, será condición obligatoria que o beneficiario aporte garantía pola totalidade da contía do dito pago con anterioridade á efectividade do mesmo, por calquera dos medios previstos na Lei 108.1 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público.

Esta subvención é compatible con calquera outra que poida acadar o beneficiario, ata completar o custo da actividade.

O pagamento da subvención realizarase mediante transferencia bancaria á conta facilitada polo perceptor da subvención.

O prazo máximo de pagamento será de trinta días a contar dende a contabilización da resolución pola que se produza o recoñecemento da obriga coa aprobación da conta xustificativa presentada, agás circunstancias extraordinarias que deberán acreditarse no expediente e que poidan xustificar a ampliación deste prazo.



CSV: iTWp3NCdJ5NTOOA6kpMmoQ==
PAXINA: 54 / 65
SINATURAS
DATAS(UTC)
LARA MENDEZ LOPEZ - ALCALDESA - ALCALDIA 26/12/2019 12:17:34
RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ - TENENTE DE ALCALDESA - ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS VIARIAS 26/12/2019 12:17:34

**SEXTA.-Xustificación da subvención**

Concedida a subvención, e para proceder ao seu cobro, os beneficiarios deberán presentar **no Rexistro Xeral do Concello** dirixido ao Departamento/Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua a seguinte documentación acreditativa da realización do antedito programa.

a) Memoria explicativa e detallada, cunha relación de gastos e ingresos, da realización do proxecto, coa expresa mención dos resultados obtidos. Deberá acompañar, se é o caso, exemplar de cada un dos folletos, carteis, libros, fotos, etc. que se editasen ou publicasen co gallo da actividade subvencionada. No caso de que se xustifique a través de facturas de gastos de desprazamento/aloxamento deberán especificarse os usuarios, motivo e lugar e no caso de que se xustifique a través de gastos de combustible deberá acreditarse a relación coa actividade subvencionada e co beneficario da subvención.

b) Facturas e demais documentos de valor probatorio de conformidade coas bases de execución do presuposto e R.D 1619/2012, do 30 de novembro, que se presentarán en documento orixinal, ou no caso de non ser documento orixinal, éste deberá ser estampillado coa expresión "*esta factura foi utilizada para xustificación dunha subvención concedida polo Concello de Lugo*" e posterior incorporación dunha fotocopia ó expediente. Presentarase ademáis declaración xurada expresiva de que as mesmas non foron, nin serán presentadas como xustificación de ninguna outra subvención pública ou privada.

As facturas deberán conter un desglose dos artículos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos descompostos. Deberá acreditarse o pagamento da totalidade das facturas mediante os seguintes medios:

a) Resguardo do banco da orde de transferencia ou da notificación de domiciliación realizada ou extracto da conta corriente no que figure o cargo da transferencia realizada sellada pola entidade financieira.
b) Copia do cheque emitido a nome do proveedor que emite a factura.
c) Excepcionalmente, para importes inferiores a 300 euros e sempre que non se trate de gastos de persoal, recibo onde consten o término "recibín en efectivo", o nome, DNI, sinatura e sello do cobrador; a identificación da factura á que corresponde e a súa data e a data de cobro. Admitiranse os "tiques de caixa" para importes inferiores a 50 euros.
d) Documento acreditativo do pagamento con tarxeta, que haberá de ser de débito e estar obligatoriamente a nome da entidade e non de calquera persoa física, integrante ou non da mesma.
e) O pagamento dos gastos de Seguridade Social xustificarase co recibo de Liquidación de Cotizacións TC1 co selo de caixa e certificación mecánica ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. O ingreso das retencións de IRPF xustifícase co modelo 111 co sello de caixa ou certificación mecánica se se paga por portelo ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. Asemade deberase xuntar o modelo 190 co resumo anual do IRPF de telo disponible no momento da xustificación.



MURALLA
patrimonio da humanidade

CSV: iTWp3NCdJ5NTOOA6kpMmoQ==
PAXINA: 55 / 65
SINATURAS
DATAS(UTC)
LARA MENDEZ LOPEZ - ALCALDESA - ALCALDIA 26/12/2019 12:17:34
RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ - TENENTE DE ALCALDESA - ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS VIARIAS 26/12/2019 12:17:34

No caso de pagamento de facturas de máis de **2.500 euros** unicamente se aceptará o pagamento realizado a través do método sinalado no **apartado a) anterior.**

No caso de recibos a nomes de persoas ou otros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental dos preceptos, das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible das actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e preceptores das mesmas. Estas contías que en todo caso non deberán superar os 300 euros, deberán acreditar a práctica da retención do IRPF que resulte procedente, salvo que xustificadamente se acredite a súa innecesariedade coma nos casos de contías satisfeitas para indemnizar dos gastos ocasionados por realización de tarefas coma voluntariado.

c) Declaración xurada de que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou adopción do comportamento se efectúe nos termos establecidos na memoria presentada.

d) Declaración xurada de que todos os gastos presentados como xustificación abonáronse efectivamente.

e) Declaración de que os impostos indirectos devindicados (IVE) non teñen a condición de recuperabilidade ou compensatoriedade. En caso contrario só poderán admitirse como gastos xustificados a parte da base impoñible.

Os documentos presentados no caso de non seren orixinais, deberán ser validados e estampillados nas oficinas municipais de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, xestoras do expediente administrativo, cun selo existente para o efecto, no que conste que a factura ou documento se aplica á xustificación da subvención ou convenio concreto, coa indicación da porcentaxe a aplicar ao presente convenio. A indicación desta porcentaxe non será precisa no caso de imputar a totalidade da factura á xustificación da subvención.

A data límite para xustificar a totalidade da subvención será a do **31 de xaneiro de 2020** e deberá presentar, ademáis da documentación anteriormente relacionada, unha declaración xurada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou extranxeiras, para a mesma finalidade segundo modelo normalizado. Non caso de non presentar a xustificación dentro deste prazo incoarase expediente de anulación do correspondente compromiso que conlevará a perda do dereito de cobro da subvención.

Aos efectos de xustificación as asociacións ou entidades beneficiarias deberán xustifica-lo gasto correspondente ao importe da subvención concedida.

De non ter xustificado o importe necesario a efectos do cobramento íntegro da subvención ou non aceptarse a totalidade dos gastos coma gasto subvencionable minorarase o importe a percibir na contía necesaria se ben entenderase non cumprida a finalidade subvencionada e xa que logo a perda do derito ao cobramento da subvención cando o importe xustificado non acade o 50% do importe concedido, sen prexuizo das sancións que procederan, no seu caso, dacordo a normativa reguladora das subvencións públicas.



CSV: iTWp3NCdJ5NTOOA6kpMmoQ==
PAXINA: 56 / 65
SINATURAS
LARA MENDEZ LOPEZ - ALCALDESA - ALCALDIA
RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ - TENENTE DE ALCALDESA - ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS VIARIAS
DATAS(UTC)
26/12/2019 12:17:34
26/12/2019 12:17:34

A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver. **No caso de ter concedidas subvencións ou axudas doutras entidades públicas ou privadas para a mesma actividade os beneficiarios deberán xustificar como mínimo un importe igual ou superior á totalidade das axudas concedidas.**

**SETIMA.- Duración do convenio**
A duración do presente convenio será dende a data da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2019, sen posibilidade de prórroga. Non obstante, aos seus efectos económicos retrotráense ao 1 xaneiro de 2019.

**OITAVA.-Modificación do Convenio**
Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

**NOVENA.- Comisión do seguimento**
Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas tódalas cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre o mesmo.
Esta comisión estará composta en representación do Concello de Lugo pola Concelleira Delegada da área interesada, que poderá delegar no funcionario da mesma unidade que estime oportuno, e pola outra parte, polo seu representante legal ou persoa da entidade na que delegue.
A comisión terá as seguintes funcións:

1.-Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.
2.-Interpretar e resolver as dúbidas, que poidan suscitar na aplicación do convenio.

**DÉCIMA.-Causas de resolución**
Serán causas de resolución deste convenio:
. O incumprimento de calquera das claúsulas establecidas no mesmo.
. A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
. A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

**DÉCIMO PRIMEIRA.-Control financieiro da subvención**
**Os beneficiarios deberán conservar durante os catro anos seguintes ao de xustificación da subvencións** os documentos xustificativos da aplicación dos fondos, libros contables, rexistros dilixenciados e demáis documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao



CSV: iTWp3NCdJ5NTOOA6kpMmoQ==
PAXINA: 57 / 65
SINATURAS
DATAS(UTC)
LARA MENDEZ LOPEZ - ALCALDESA - ALCALDIA 26/12/2019 12:17:34
RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ - TENENTE DE ALCALDESA - ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS VIARIAS 26/12/2019 12:17:34

beneficiario en cada caso co obxecto de facilitar as actuacións de comprobación e control que no exercicio do control financieiro e segundo a planificación acordada pola Intervención xeral municipal se decida levar a cabo, no seu caso. A tal efecto o beneficiario someterase ás actuacións de comprobación que a Intervención xeral decida realizar.

**DÉCIMO SEGUNDA.-Réxime xurídico**
O presente convenio ten carácter administrativo de acordo co disposto no artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público e o artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e demais normativa de aplicación, someténdose á aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, á Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e ó disposto na Ordenanza xeral de Subvencións do Concedo de Lugo
As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e resolveranse motivadamente polo Concello de Lugo, previo dictame non vinculante da comisión á que fai referencia a claúsula novena; contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderase interponer recurso ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

**CONVENIO LUGO CULTURAL ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, O CONCELLO DE LUGO E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**
Na Cidade de Lugo a de de 2019.-

**REUNIDOS**

Dunha parte, D José Tomé Roca, Presidente da Excma. Deputación provincial de Lugo, con CIF P2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos, número 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e, no seu nome, Dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística en virtude de resolución de data 15 de outubro de 2019.
Doutra, Dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, 4ª Teniente de Alcaldesa e titular da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo, que actúa segundo as atribucións que lle confire o decreto da Alcaldía número 19005684 do 01/07/2018 modificado polo decreto 19005695 de 3 /07/2019 e a lei 27/2013, reguladora de bases de réxime local no seu artigo 124.4ª, en representación do Excmo. Concello de Lugo, con sede social na Praza Maior número 1 de Lugo.
E, doutra, D. Antonio López Díaz, Reitor da Universidade de Santiago de Compostela segundo nomeamento efectuado polo Decreto 57/2018, de 31 de maio (DOG de 5 de xuño) actuando en nome e representación da mesma en virtude dos poderes outorgados polo artigo 20 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro de



CSV: iTWp3NCdJ5NTOOA6kpMmoQ==
PAXINA: 58 / 65
SINATURAS
DATAS(UTC)
LARA MENDEZ LOPEZ - ALCALDESA - ALCALDIA 26/12/2019 12:17:34
RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ - TENENTE DE ALCALDESA - ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS VIARIAS 26/12/2019 12:17:34

Universidades, e do artigo 82 do Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, con CIF Q1518001A e sede social no Colexio de San Xerome, Praza do Obradoiro s/n, CP 15782 de Santiago de Compostela

**EXPOÑEN**

1.-Que a USC, no Campus de Lugo, vén organizando nos últimos anos unha serie de actividades baixo a denominación LUGO CULTURAL, que resultan de grande interese para a cidade. Para a realización das mesmas, tradicionalmente vén contando coas colaboracións da Deputación e do Concello de Lugo. A programación de Lugo Cultural está destinada á creación, experimentación e investigación dentro da cultura, tendo como destinatarios principais os estudantes universitarios, fomentando a súa interrelación coa Cidade de Lugo e ampliando a oferta cultural organizada tanto por parte do Concello como da Deputación para a cidade. Enténdese que estas actividades complementan as atribuídas as entidades locais na LBRL 7/ 85 de 2 de abril.

2.- A axenda de Lugo Cultural 2019 inclúe actividades de índole musical, teatral, danza, fotografía, cine , performance e letras, segundo o borrador de programa que se acompaña como ANEXO ao presente convenio.

3.- Que sendo de interese para as partes a actividade antes citada, as partes acordan a colaboración para a súa efectiva realización pola USC de conformidade coas seguintes:

**BASES**

**Primeira**.- A finalidade deste convenio é a regular a colaboración das tres entidades asinantes na promoción e organización na cidade de actividades musicais, teatrais e cinematográficas, exposicións e demais accións culturais durante o ano 2019, na que a súa programación e execución terá lugar a través do programa denominado LUGO CULTURAL.

**Segunda**.- A Deputación de Lugo e o Concello de Lugo contribuirán, cada unha delas, cunha aportación de vinte mil euros (20.000 euros), que entregarán a USC para esta finalidade con cargo á partida 3300048900 do vixente presuposto municipal e con cargo á partida 3340.48900 do presuposto provincial.

A USC organizará as actividades nas que se desenvolve o programa Lugo cultural para o que dispón dunha dotación orzamentaria de 20.000 euros que destinará á citada actividade.

Durante o período de vixencia do presente convenio, a USC comprométese a facilitar ás outras partes un número de publicacións, e no seu caso, de entradas e invitacións para as actividades obxecto do convenio, que será determinado pola comisión de seguimento

**Terceira.**- A política cultural pola que se ten que guiar este convenio,o seguimento, interpretación e maila resolución amigable das discrepancias na súa execución, será levada a termo por unha comisión formada por un representante de cada unha das entidades do acordo.

Correspóndelle a esta comisión as seguintes funcións:

1. Proporlles ás entidades outorgantes a aprobación das actividades concretas

obxecto da colaboración pactada no presente convenio e, no caso de que sexan aprobadas, facer o oportuno seguimento delas para conseguir o seu axeitado cumprimento. No caso de que sobreveña calquera modificación allea á vontade das entidades outorgantes que afecte a algunha actividade xa aprobada, a comisión paritaria informará e fará a correspondente proposta ás devanditas entidades outorgantes, ás cales corresponderá a aprobación ou non aprobación da modificación.
2. Aprobar, ó remate do exercicio, a memoria de actividades que será presentada pola USC ás outras dúas entidades, na que se resuma a actividade levada a cabo, acompañada da documentación xustificativa (material divulgativo editado, resumo de prensa, documentación gráfica, número de asistentes), así como a memoria económica que a USC presentará ás outras entidades acompañada da documentación xustificativa (fotocopias de facturas e certificación de gastos executados efectivamente, vinculados directamente á financiación do programa de actividades que se desenvolva).
3.- Clarexar as dúbidas e controversias que xurdan na execución do presente convenio.
**Cuarta**-.- Calquera tema derivado da organización dos actos e do desenvolvemento do contido deste convenio, resolverase conxuntamente entre as tres partes que o subscriben.
**Quinta**.- Calquera manifestación pública derivada das actividades deste convenio realizarase coa presencia e protagonismo conxunto das partes.
**Sexta**.- Na publicidade que se encargue para anunciar os actos organizados figurarán os logotipos institucionais das partes, así como a lenda da súa colaboración.
A USC comprométese a xestionar e a difundir as actividades que organice e realice en cumprimento do presente convenio informando, en todos os casos, ás outras partes asinantes das accións que se leven a cabo neste ámbito e *cumprindo as obrigas establecidas no artigo 11 da ordenanza Xeral Municipal de Subvencións.*
**Sétima**.-
Unha vez finalizada a acción ou comportamento, a entidade beneficiaria da axuda deberá xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado e en todo caso, como máximo o día 31 de marzo de 2020. De transcorrer o prazo indicado sen ter presentada a documentación xustificativa, requirirase ao beneficiario para que a achegue no prazo improrrogable de quince días.
No desenvolvemento deste trámite aplicarase o previsto no artigo 73.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, en canto declarar, aos interesados, decaídos no seu dereito a este trámite.
O incumprimento deste prazo adicional dará lugar á perda do dereito a percibir a axuda outorgada e demais responsabilidades previstas na Lei xeral de subvencións e demais normativa de aplicación.
Cando concorra causa de resolución do convenio e existan actuacións en curso de execución, tales como a tramitación necesaria para a aprobación da conta xustificativa achegada polo beneficiario e para o aboamento do importe da



CSV: iTWp3NCdJ5NTOOA6kpMmoQ==
PAXINA: 60 / 65
SINATURAS
DATAS(UTC)
LARA MENDEZ LOPEZ - ALCALDESA - ALCALDIA 26/12/2019 12:17:34
RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ - TENENTE DE ALCALDESA - ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS VIARIAS 26/12/2019 12:17:34

subvención, mediante a subscrición deste convenio, as partes asinantes, acordan a continuación e finalización das devanditas actuacións en curso, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, dun ano, salvo casos excepcionais que deberán ser debidamente motivados, de transcorrer ese prazo deberá realizarse a liquidación das mesmas.
As aportacións recibidas ó abeiro deste convenio son compatibles con calesquera outras axudas ou subvencións para a mesma actividade, públicas ou privadas, sempre que a contía total recibida non supere o custo total da actividade.
Non se contemplan pagos anticipados nen abonos a conta.
O pagamento da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa, efectuarase mediante transferencia bancaria á conta sinalada pola Entidade beneficiaria. Non se procederá ao seu pagamento no caso de que a Entidade beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e/ou fronte á Seguridade Social e/ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro. O incumprimento destas condicións será causa de perda da axuda concedida por incumprimento das obrigas do beneficiario, de conformidade co sinalado nos artigos 14, 18.4 e concordantes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
**Oitava.-**
Esta subvención como técnica de intervención administrativa, forma parte da actividade de fomento e ten por obxecto promover a realización dunha actuación de interese público, que entra dentro do ámbito das competencias atribuídas tanto á Deputación de Lugo como ao Concello de Lugo.
Segundo o establecido no artigo 36.1 LBRL, son competencias propias da Deputación as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas, nos diferentes sectores da acción pública e en todo caso, entre outras a que se menciona no apartado d) do devandito artigo, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso tamén se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as Leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d) en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.
O obxecto desta subvención que outorgará o Concello de Lugo recolle as actividades que complementan atribuídas ao Concello de Lugo na promoción da cultura e equipamentos culturais segundo recolle no artigo 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
**Novena.** Serán gastos subvencionables os derivados das actividades propias da organización do proxecto, de acordo coa documentación presentada como poden ser: nóminas, desprazamentos, aloxamentos, manutención, material cultural, publicidade e calquera outro gasto relacionado co obxecto estricto da subvención.
Non serán subvencionadas as dietas xenéricas nas que non se xustifique axeitadamente á vinculación directa coa actividade ou proxecto obxecto de subvención, o material inventariable, as celebracións, eventos ou actos



MURALLA
patrimonio da humanidade
CSV: iTWp3NCdJ5NTOOA6kpMmoQ==
PAXINA: 61 / 65
SINATURAS
DATAS(UTC)
LARA MENDEZ LOPEZ - ALCALDESA - ALCALDIA 26/12/2019 12:17:34
RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ - TENENTE DE ALCALDESA - ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS VIARIAS 26/12/2019 12:17:34

protocolarios non directamente vinculados coa actividade ou proxecto subvencionado.
Serán admisibles as lóxicas subcontratacións para a realización das actividades que se desenvolvan ao longo do ano no que se realiza o proxecto ata a totalidade do custo da actividade subvencionada, todo isto tendo en conta o sinalados nos artigos 29 da lei Xeral de Subvencións e 27 da Lei de Subvencións de Galicia.
Concedida a subvención, e para proceder ó seu cobro, os beneficiarios deberán presentar a seguinte documentación acreditativa da realización do programa:

- ☐ Solicitude debidamente cuberta.
- ☐ Memoria explicativa e detallada da realización da totalidade do proxecto, coa expresa mención dos resultados obtidos. Deberán acompañar, no seu caso, exemplar de cada un dos folletos, carteis, libros, vídeos, CD-ROM, etc. que se ditasen ou publicasen co gallo da actividade subvencionada.
- ☐ <u>Memoria económica xustificativa do custo da actividade subvencionada, que conterá:</u>
  - ☐ Relación clasificada de gastos polo custo total da actividade subvencionada, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento. Debe constar o nome da actuación subvencionable e a anualidade.
    No caso de relacionarse nóminas deben vir detallados: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador e o IRPF.
    Soamente será necesario indicar as datas de pagamento das facturas que se lle imputen á Deputación de Lugo e o Concello de Lugo.
  - ☐ Certificación expedida polo Secretario/a da USC acreditando:
    - ☐ O custo total da actividade subvencionada soportado pola USC, indicando os importes do financiamento (debendo constar o nome da actuación subvencionable e a anualidade).
    - ☐ Que a relación dos gastos da actividade subvencionada atópase executado, e as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.
    - ☐ Que a acción ou comportamento obxecto da subvención, foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión.
- ☐ Declaración responsable na que se indique e xustifique a causa das desviacións, que de ser o caso, acaeceran entre o presuposto estimado e o gasto efectivamente xustificado.
- ☐ Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada.
- ☐ Declaración responsable na que se faga constar que a USC non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no



CSV: iTWp3NCdJ5NTOOA6kpMmoQ==
PAXINA: 62 / 65
SINATURAS
DATAS(UTC)
LARA MENDEZ LOPEZ - ALCALDESA - ALCALDIA 26/12/2019 12:17:34
RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ - TENENTE DE ALCALDESA - ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS VIARIAS 26/12/2019 12:17:34

Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

☐ Declaración responsable na que a USC poña de manifesto que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias ou fronte á seguridade social.

☐ Declaración responsable de que a USC asumiu o custo do "Imposto sobre o valor engadido (IVE)", por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

☐ Declaración responsable na que se faga constar que a actividade realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo e que este extremo, se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.

☐ Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste a conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

(En todas as declaracións deberá constar o nome da actuación subvencionable e a anualidade).

**Décima**.-

A vixencia do convenio estenderase ata a aprobación da súa xustificación e comezará no momento da súa sinatura, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2019.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, será o 31 de xaneiro de 2021, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2020, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Dentro dos prazos establecidos nos apartados precedentes desta cláusula, o convenio enténdese extinguido coa aprobación da conta xustificativa e pagamento procedente.

O anterior é sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera dar lugar, e das obrigas que incumban ao beneficiario, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente.

Calquera modificación e/ou ampliación do presente convenio efectuarase por acordo entre as partes, mediante a subscrición da addenda de modificación respectiva.

**Undécima.-**

De acordo co establecido no artigo 48.7 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, LRXSP este convenio cumpre co disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006, de 21 xullo, que aproba o seu regulamento e na normativa autonómica de desenvolvemento, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O presente convenio ten carácter administrativo, e rexerase ademais de polo disposto no mesmo, polas normas de dereito administrativo que directamente ou por analoxía puidesen resultar de aplicación. En particular, resulta aplicable o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Ordenanza xeral de subvencións da Excma. Deputación Provincial de Lugo e do Excmo. Concello de



MURALLA
patrimonio da humanidade
CSV: iTWp3NCdJ5NTOOA6kpMmoQ==
PAXINA: 63 / 65
SINATURAS
DATAS(UTC)
LARA MENDEZ LOPEZ - ALCALDESA - ALCALDIA 26/12/2019 12:17:34
RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ - TENENTE DE ALCALDESA - ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS VIARIAS 26/12/2019 12:17:34

Lugo, nas Bases de execución do orzamento xeral da Excma. Deputación Provincial de Lugo e do Excmo. Concello de Lugo vixentes, e no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación de Lugo para o ano 2017 – 2019, foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Provincial de data 23 de xuño de 2017 e actualizado por acordo da Xunta de Goberno de 8 de febreiro de 2019, e do Excmo. Concello de Lugo (PES para o ano 2017 – 2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Provincial de data 23 de xuño de 2017, e IV PES do Excmo. Concello de Lugo 2016-2019, aprobado por acordo da XGL 12/276 do 2/05/2019.

**Duodécima.-**
A efectos de executar o control financeiro e a fiscalización plena posterior en materia de subvencións pola Intervención Provincial e Xeral Municipal levarase a cabo un Plan de Auditoría anual que indique o alcance da comprobación, tanto a mostra e forma de selección, como as principais actuacións a comprobar, que como mínimo serán as seguintes:

1. Comprobar a execución polos beneficiarios das actividades ou investimentos subvencionables e o cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.
2. Verificar a existencia e custodia polo beneficiario das facturas, certificacións ou documentos xustificativos da subvención.
3. Verificar a data de pago dos devanditos documentos.

Para a execución do Plan de Auditoría, a Intervención Provincial e Xeral Municipal pode, en caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, recabar a colaboración de empresas privadas de auditoría.

A xurisdición contencioso – administrativa será a competente para resolver todas as cuestións litixiosas que poidan xurdir.

E, en proba de canto precede, asínase o presente convenio no lugar e data sinalados.
Pola Deputación de Lugo, Dna Tareixa Antía Ferreiro Tallón, Vicepresidenta da Deputación Provincial de Lugo.
Polo Concello de Lugo, Dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, 4ª Teniente de Alcaldesa e titular da Área de Cultura, Turismo e Promoción de la Lengua do Concello de Lugo
Pola Universidade, O Reitor - D. Antonio López Díaz -

| | |
|---|---|
| O PRESIDENTE<br>P.D. Decreto de data 15.10.2019<br>A VICEPRESIDENTA | A TENENTA DA ALCALDESA DA ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA |
| Asdo: Tareixa Ferreiro Tallón | Asdo: Tareixa Ferreiro Tallón |

O REITOR da USC



CSV: iTWp3NCdJ5NTOOA6kpMmoQ==
PAXINA: 64 / 65
SINATURAS
LARA MENDEZ LOPEZ - ALCALDESA - ALCALDIA
RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ - TENENTE DE ALCALDESA - ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS VIARIAS
DATAS(UTC)
26/12/2019 12:17:34
26/12/2019 12:17:34

Asdo: Antonio López Díaz

ANEXO 1
AXENDA DE ACTIVIDADES DE LUGO CULTURAL 2019

- Músicas a carón da Mosqueira 2019/Na calzada /Noite na Domus
- Lubicán 2019- Lubican Intimo- Xoves de Moda
- 1 1 Sonscreativos
- XXV Festival de Teatro Universitario
- IV Fin de curta
- XV Curso de Primavera/1º Certamen de Videocreación
- Compañía de Teatro do Campus de Lugo- Montaxe e xira obra teatral Casa de Ilusións
- XVIII Encontro de Danza Contemporánea
- XXV Maratón Fotográfico do Campus".

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Tenenta de Alcaldesa Delegada da área corresponde, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excma. Sra. D.ª LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal PSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Local Sostible (GMPSdeG-PSOE); Ilma. Sra. Dª MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos (GMPSdeG-PSOE); Ilma. Sra. D.ª ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cohesión Social (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego); Ilma. Sra. D.ª TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua (GMBNG) e a Ilma. Sra. Dª. MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Participación e Servizos para a Veciñanza (GMBNG), **ACORDA** aprobar a antedita proposta nos seus propios termos.

**E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde da Excma. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, coa súa sinatura e a do Concelleiro Secretario, en funcións, da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández.**



CSV: iTWp3NCdJ5NTOOA6kpMmoQ==
PAXINA: 65 / 65

| SINATURAS | DATAS(UTC) |
| --- | --- |
| LARA MENDEZ LOPEZ - ALCALDESA - ALCALDIA | 26/12/2019 12:17:34 |
| RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ - TENENTE DE ALCALDESA - ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS VIARIAS | 26/12/2019 12:17:34 |